

## FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

O Concello de Campo Lameiro a través da súa Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, acaba de por en marcha unha **Bolsa de Emprego municipal**.

A través da Bolsa de Emprego municipal preténdese facilitar o acceso ó mercado laboral de tódalas aquelas persoas que, o ben se encontran en situación de desemprego ou desexan melloralasúa situación laboral.

A principal labor da **Bolsa de Emprego municipal e a creación dunha base de datos de persoas en demanda de traballo**. Nela pode inscribirse calquera persoa empadroada en Campo Lameiro, en idade laboral e que esté buscando emprego, por estar desempregada ou porque sendo traballador en activo queira melloralasúa condición laboral.

Tratase dun servizo de balde e o Concello de Campo Lameiro dende este servizo de Bolsa de Emprego actúa como un mediador entre a oferta e a demanda de emprego, non sendo responsable das relacións contractuais resultantes destas.

### **FUNCIONAMENTO DA BOLSA**

#### **PARA OS DEMANDANTES DE EMPREGO**

Requisitos para poder inscribirse na Bolsa de Emprego:

- Persoas maiores de 16 anos.
- -Estar empadroados no concello de Campo Lameiro.

As persoas interesadas en estar incluídas na Bolsa de emprego deberán rechea unha solicitude de inscrición, e entregala nas oficinas municipais,

xunto cunha fotocopia do D.N.I., e vida laboral. Poden xuntar un curriculum vitae si o queren.

O período de validez dos datos e de 6 meses, ó termo dos cales se dará de baixa o usuario na Base de datos. O usuario interesado en manter a continuidade da súa ficha dentro do servizo deberá indicalo na Axencia de Emprego mediante calquera medio eficaz. De igual xeito deben notificarse a Axencia calquera variación nos datos recollidos na ficha do usuario.

## **OFERTANTES DE EMPREGO**

Requisitos para as empresas que queiran solicitar candidatos:

- Rellenalo modelo de solicitude de candidatos, indicando o perfil solicitado, e remitila por e-mail, fax ou persoalmente na Bolsa de Emprego Municipal.
- A empresa deberá notificar o resultado do proceso de selección.

## **COMO FUNCIONA A BOLSA DE EMPREGO?**

Crease unha base de datos coas persoas demandantes de emprego e outra coas empresas que oferten postos de traballo. Este é un servizo para os demandantes de emprego e as empresas.

As persoas interesadas en estar incluídas na Bolsa de emprego rellenan unha solicitude de inscrición, que contén datos persoais, formativos e laborais, (ditos datos unicamente serán utilizados co obxectivo de melloralas empregabilidade e o acceso ó mercado laboral.) e posteriormente se lles realiza unha entrevista ocupacional a partir desa solicitude de inscrición, co fin de identificar o seu Perfil profesional.

O servizo a empresas comeza cando ésta se pon en contacto coa Bolsa de Emprego municipal para comunicarlle a oferta de emprego.

Unha vez recibida a oferta se realiza a búsqueda de candidatos aptos para o posto de entre os solicitantes da bolsa, dende a Axencia de Emprego nos poñemos en contacto cos preseleccionados para informarlles da oferta e das súas condicións. Se están interesados, dende a Axencia se remiten os

Currículum á empresa solicitante, quén se encargará a partir de entóns de seleccionar ó seu futuro traballador.

Ademais a través da Bolsa de Emprego organizaranse obradoiros de orientación laboral, para axudar ó demandante de emprego a preparar o seu currículum ou a afrontar unha entrevista de traballo. Ademais o empresario pode recibir asesoría respecto a subvencións, bonificacións por creación de postos de traballo ou por contratacións de traballadores de determinados colectivos, ou outras informacións que precise.

Estase estudando a posibilidade de utilizar o apartado de bolsa de emprego da web do concello co fin de colgar e poder consultalas ofertas de emprego vixentes